

O combate fértil

Sinopse.

Esta Curtametraxe pretende representar dalgún xeito e mediante imaxes e son, as sensacións ou visualizacións mentais que o artista percibe no trance creativo.

Idea e imaxe:

A historia desenvólvese na metáfora dunha viaxe e una ensoñación, circulando polos camiños de ferro, no treito A Coruña-Santiago de Compostela.

O inicio do Filme introdúcenos na paisaxe galega, onde fican parte dos alicerces da nosa cultura, o agro e a gandería, con dous símbolos imprescindibles do País, como son; o millo e a vaca.

No transcurso da viaxe e no primeiro túnel, maniféstase o proceso creativo mediante os movementos de luces e sombras acompañados de estrondosos sons metálicos e melodías minimalistas.

No segundo túnel segue a transformación nun combate de imaxes que van e veñen, para mesturarse a ceo aberto coas arbores, nubes e océanos. Tódalas imaxes buscan asento necesario entre a tensa loita, tráxica as veces... A cabeza do artista vainas perfilando, para logo no obradoiro realizalas.

Volven as augas ao rego, e o equilibrio faise necesario:

Como o fonanbulista baila na corda, o escultor axusta e da un paso, mide e da outro... Os elementos que o creador manexa son, por unha parte: a paisaxe, a materia e as ferramentas coas que construír o seu traballo. E por outra; o tempo vivido, ese crono que abre portas e fiestras a comprensión, a ver o que estrañamente noutro tempo non estábamos a ollar...

En definitiva, o feito creativo é un combate fértil que se fabrica na mente primeiro, pasando despois polo sancta sanctorum do taller, onde se gardan tódalas claves corpóreas por insignificantes que parezan...

Composición sonora e creación musical:


A parte sonora da Curta é fundamental, porque mantén en exclusiva, un intenso diálogo coa imaxe. O movemento de luz e son producido polo metal, material corpóreo da peza escultórica, xunto as ferramentas e maquinaria con que se constrúe a propia escultura, son os instrumentos motor da banda sonora... un risco que foi asumido polo director do Filme o artista visual Pepe Galán.

O aquilatamento musical, a rede que recolle a faena de todo o peixe sonoro-visual, e cousa de grandes músicos. Por unha banda, a creación "New York. Counterpoint" do niuorquino Steve Reich, e por outra, o gran interprete clarinetista lalinense Xocas Meijide, remata cun traballo musical complexo e brillante.



Galanobradoiro-difusión.

<p>Ficha técnica:</p> <p>Título.....O combate fértil.</p> <p>Guión e dirección.....Pepe Galán.</p> <p>Data..... 2019.</p> <p>Cámara e fotografía.....Galanobradoiro.</p> <p>Creación musical.....Steve Reich.</p> <p>-interprete.....Xocas Meijide.</p>	<p>Composición sonora...Pepe Galán.</p> <p>Producción.....Galanobradoiro.</p> <p>Xénero.....Cine de autor e ficción documental.</p> <p>Duración.....8'38''</p> <p>Soporte Vídeo</p> <p>Móbil BQ e Canon EOS 1300D</p>
---	---



Fotogramas da curtametraxe “o combate fértil”. www.pepegalan.com
obradoro@pepegalan.com